

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015767	Politécnico de Santiago	Santiago de Compostela	2022/2023

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CSELE04	Mantemento electrónico	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1062	Empresa e iniciativa emprendedora	2022/2023	3	53	53

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA MÓNICA RODRÍGUEZ BEIRO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo de EIE é transversal e común a todos os ciclos formativos tanto de grao medio como superior e convalidable e contén a formación necesaria para desenvolver a propia iniciativa no ámbito empresarial, tanto cara ao autoemprego como cara á asunción de responsabilidades e funcións no emprego por conta allea.

Esta programación está elaborada dacordo ao determinado no Decreto 135/2013, do 18 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en mantemento electrónico

Este currículo adapta a nova titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

A competencia xeral deste título consiste en manter e reparar equipamentos e sistemas electrónicos, profesionais, industriais e de consumo, así como planificar e organizar os procesos de mantemento, aplicando os plans de prevención de riscos laborais e ambientais, criterios de calidade e a normativa vixente. Neste sentido o módulo de EIE contribúe a proporcionar os coñecementos necesarios para acadar as competencias profesionais, persoais e sociais, en requeridos para o perfil do título.

O perfil profesional deste título, dentro do sector terciario, evoluciona cara ao de persoal técnico superior con gran especialización na supervisión, na reparación e no mantemento de infraestruturas e equipamentos de telecomunicacións, sistemas de seguridade electrónica, redes de comunicación, equipamentos de domótica e inmótica, sistemas de telefonía, equipamentos de son e imaxe, sistemas informáticos e equipamentos electrónicos industriais, cun incremento no desempeño de funcións de xestión, planificación, calidade e prevención de riscos laborais. As estruturas organizativas tenden a configurarse sobre a base de decisión descentralizadas e equipamentos participativos de xestión, potenciando a autonomía e a capacidade de decisión. As empresas en que exerce a súa actividade tenden a delegar funcións e responsabilidades no persoal con esta titulación. Obsérvase a preferencia por un perfil polivalente cun alto grao de autonomía, e con capacidade para a toma de decisións, para o traballo en equipo e para a coordinación con persoal do mesmo e outros sectores, contribuíndo o módulo de EIE a fomentar o espírito emprendedor, a entender o autoemprego como unha alternativa laboral viable e a proporcionar os coñecementos básicos para coñecer a aorganización interna dunha empresa e as ferramentas de xestión empresarial.

### 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Empresa e iniciativa emprendedora. A idea do emprendedor	Preténdese que o alumno ao final da unidade identifique e recoñeza as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora analizando os requirimentos derivados dos postos de traballo e das actividades empresariais. Aprenderá as características que adornan aos emprendedores de hoxe en día e os diferentes cambios que sufriron as empresas de hoxe en día. Verá a importancia que ten a innovación co progreso da sociedade e o <u>aumento do benestar dos individuos.</u>	4	8
2	A organización da empresa. A contorna empresarial	Preténdese que o alumno comprenda o marco legal, económico e organizativo que regula e condiciona a súa actividade profesional por conta propia, constituíndo unha empresa.	6	11
3	A análise do mercado e plano de marketing	Preténdese que o alumno identifique e analice o proceso e as formas máis usuais no sector de promoción de vendas de produtos ou servizos. O alumno debe ser capaz de identificar e describir os medios máis habituais de promoción de vendas en función do tipo de produto e/ou servizo ademais de explicar os principios básicos do <u>merchandising.</u>	8	15
4	O plano de investimentos e financiamento	Preténdese que o alumno identifique o proceso de investimento-financiamento existente na empresa, analizando en detalle as principais fontes de financiamento propias e alleas e a importancia que presenta a súa <u>elección en función da rendibilidade que espera obterse dos proxectos de investimento.</u>	5	10
5	A análise contable e viabilidade económica e financeira	Preténdese que o alumno identifique os distintos elementos que integran o patrimonio dunha empresa, a súa representación contable, e a súa interpretación a través de distintos cocientes financeiros. Así mesmo, haberá de identificar a diversidade de gastos e ingresos nos que incorre a empresa no exercicio da súa actividade e que quedan reflectidos na conta de resultados, completando a análise financeira e económico que realice a <u>través do estudo do limiar de rendibilidade.</u>	8	15
6	O plano de operacións	Preténdese que o alumno identifique os procesos de operacións existentes na empresa, analizando en detalle os planos de produción, aprovisionamento e recursos humanos así como os custos asociados a cada un deles, <u>realizando unha análise dos mesmos.</u>	8	15
7	Formas xurídicas da empresa e a súa constitución	Preténdese que o alumno identifique as principais formas xurídicas que poden adoptar as empresas, así como os trámites que son precisos para a súa constitución e posta en marcha, ao obxecto de que poida elixir a <u>modalidade xurídica que resulte máis adecuada á actividade que pretenda desenvolver.</u>	6	11
8	A fiscalidade empresarial	Preténdese que o alumno identifique os principais tributos que afectan á actividade empresarial, analizando a función de financiamento do gasto público que cumpren no marco da Economía en xeral, as súas características, elementos e tipos básicos que poden distinguirse, facendo especial fincapé nos impostos. Neste sentido, apreciará a diferenza existente entre os impostos directos e indirectos e identificará o réxime fiscal aplicable ao empresario individual e ao empresario social, a través da análise dos principais impostos que inciden na súa <u>actividade.</u>	4	7
9	Os procesos administrativos da empresa e os seus documentos	Preténdese que o alumno comprenda os documentos básicos utilizados na actividade económica normal da empresa. E sexa capaz de cumprimentar os seguintes documentos: nota de pedido, albarán, factura, letra de cambio, cheque e recibo a partir de datos supostos	4	8

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Empresa e iniciativa emprendedora. A idea do emprendedor	4

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	SI
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector do mantemento de equipamentos e sistemas electrónicos.
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito do mantemento electrónico de equipamentos, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA1.8 Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
<b>CA2.12.1 Coñécense os principais tipos de mercado, as súas características e os criterios para a súa segmentación. Así mesmo coñécense diversas estratexias de marketing operativo en canto a produto, prezo, promoción e distribución.</b>

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de mantemento electrónico de equipamentos (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
A actuación das persoas emprendedoras no sector do mantemento de equipamentos e sistemas electrónicos.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.
Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito do mantemento electrónico de equipamentos.



**Contidos**

A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	A organización da empresa. A contorna empresarial	6

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
CA2.3 Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de mantemento electrónico de equipamentos en función da súa posible localización.
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa mantemento electrónico de equipamentos e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
CA2.8 Identificáronse, en empresas de mantemento electrónico de equipamentos, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
CA2.12.2 Elaborouse a parte correspondente do plan de empresa.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de mantemento electrónico de equipamentos: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de mantemento electrónico de equipamentos: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia. Localización da empresa.
A persoa empresarial. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	A análise do mercado e plano de marketing	8

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
CA2.12.3 : Elaborouse un plano de empresa que inclua o plano de marketing
CA2.13 Descríbóronse os principais elementos do plano de marketing

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.
descrición dos elementos e estratexias do plano de marketing

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	O plano de investimentos e financiamento	5

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de mantemento electrónico de equipamentos, tendo en conta a súa localización.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
<b>CA3.9.1 Inclúese no plano de empresa información relativa as axudas e as subvencións</b>
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.
<b>CA4.5.1 : elaborouse o plano financeiro</b>

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de mantemento electrónico de equipamentos.
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector do mantemento de equipamentos e sistemas electrónicos.



**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	A análise contable e viabilidade económica e financeira	8

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
CA4.2 Descríbóronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.
CA4.5.2 analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e razóns financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	O plano de operacións	8

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.11 Descríbense as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de mantemento electrónico de equipamentos, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de marketing.
CA2.12.4 Elaborouse un plano de empresa que inclua a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de marketing.
Descrición dos elementos e estratexias do plano de produción

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Formas xurídicas da empresa e a súa constitución	6

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Analízase o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector do mantemento de equipamentos e sistemas electrónicos.
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
CA3.6 Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
CA3.9 Inclúese no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
CA3.9.2 Inclúese no plano de empresa información relativa á escolla da forma xurídica e os trámites administrativos

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Formas xurídicas das empresas.
Responsabilidade legal do empresariado.
A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	A fiscalidade empresarial	4

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resúmenes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada co mantemento electrónico de equipamentos, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidacións trimestrais e liquidacións anuais).

**4.8.e) Contidos**

Contidos
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.

#### 4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Os procesos administrativos da empresa e os seus documentos	4

#### 4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

#### 4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
<b>CA3.9.3 Inclúese no plano de empresa información relativa aos trámites administrativos</b>
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa de mantemento electrónico de equipamentos, e describíronse os circuitos que recorre esa documentación na empresa.

#### 4.9.e) Contidos

Contidos
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de mantemento electrónico de equipamentos: documentos administrativos e documentos de pagamento.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os criterios de cualificación utilizados para determinar a cualificación individual do módulo terían en conta os seguintes aspectos:

Resultados obtidos nas probas escritas individuais que serán realizadas ao longo do curso.

Valorización dos traballos e tarefas propostos mediante outros instrumentos de avaliación diferentes ás probas escritas, propostos para a súa realización tanto de maneira individual como colectiva.

Durante o curso serán desenvolvidas dúas avaliacións, sendo calculada a cualificación de cada unha delas tendo en conta a seguinte ponderación:  
70% probas escritas-30% traballos

As probas escritas significarán 70 por cento da cualificación da avaliación. Estas probas escritas poden consistir en cuestionarios con resposta múltiples, con resposta curta, con resposta numérica, con resposta tipo ensaio, con exercicios prácticos ou casos semellantes aos resolvidos nas aulas. Cada proba será valorizada entre 0 e 10 puntos, sendo a nota do trimestre neste apartado, a media aritmética de tódalas probas escritas realizadas durante o período de tempo de referencia.

O resto de instrumentos de avaliación (traballos e tarefas individuais e colectivas) significarán 30 por cento da cualificación da avaliación. Todos estes traballos e tarefas serán valorizados entre 0 e 10 puntos, sendo a nota do trimestre neste apartado, a media aritmética de todos os traballos entregados durante o período de tempo de referencia. Para ser avaliados de forma positiva, os traballos entregados deberán cumprir os requirimentos de tempo e forma indicados polo profesor no momento de ser plantexados (plazos de entrega, formato, etc), salvo causa debidamente xustificada.

A cualificación final do módulo será calculada como a media aritmética das cualificacións das dúas avaliacións (1º e 2º eval), sendo necesaria unha cualificación mínima en cada unha destas dúas avaliacións de 5, para poder superar o módulo. En caso contrario, a cualificación final do módulo, como máximo será de 4. Como é habitual, o módulo estará aprobado cando en cada unha destas dúas avaliacións o alumnado alcance unha cualificación igual ou superior a 5.

Nota aclaratoria sobre o redondeo de decimais:

Nas avaliacións parciais, a cualificación redondeará os decimais por defecto os decimais ao enteiro desa cualificación. Non obstante, para o cálculo da cualificación final do módulo será realizada a media aritmética das dúas avaliacións do curso tendo en conta todos os decimais desas cualificacións parciais, e tan só o resultado deste promedio será redondeado por defecto (os decimais teñen un valor inferior a 0,5) ou por exceso (os decimais teñen un valor igual ou maior a 0,5) ao enteiro máis próximo. O redondeo por exceso só é operativo, cando a media aritmética final do módulo sexa CINCO ou superior a cinco. En caso contrario (cualificación final do módulo inferior a cinco), a nota máxima final do módulo será de catro (redondeo por defecto).

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Aquel alumnado que non atinxa unha cualificación de 5 no proceso de avaliación continua, deberá recuperar as probas obxectivas non superadas e realizar os traballos/s pendentes de ser o caso.

A recuperación das probas obxectivas consistirá na realización dun exame dos contidos pendentes e terá como referencia os contidos mínimos

establecidos nesta programación.

Este exame superarase sempre que obteña como mínimo 5 puntos sobre 10.

A cualificación final do módulo será calculada tendo en conta o resto de instrumentos de avaliación utilizados durante o curso.

Con anterioridade á realización da proba extraordinaria realizaranse actividades de reforzo dos contidos de cada bloque que a modo de orientación son expostos a continuación:

Para atinxir o RA1: Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.

Repaso de contidos referentes a:

- Innovación e desenvolvemento económico.
- Cultura emprendedora en Galicia e España no cadro da UE.
- Factores clave das persoas emprendedoras.
- Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e valoración destas.
- Plano de empresa: importancia e utilidade, estrutura e aplicación

Para atinxir o RA2: Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o ámbito, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.

Repaso de contidos referentes a:

- A empresa como concepto, funcións e clasificacións
- Análise do contorno dunha PEME do sector produtivo.
- Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentábel.
- Cultura empresarial, comunicación e imaxe corporativa.
- Descrición dos elementos e estratexias do plano de produción e do plano de marketing.
- Plano de empresa: organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, plano de marketing.

Para atinxir o RA3: Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.

Repaso de contidos referentes a:

- Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e mediana empresa no sector produtivo.
- Formas xurídicas da empresa: criterios de escolla da forma xurídica.
- Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
- Plano de empresa: escolla da forma xurídica, trámites administrativos, a xestión de axudas e subvencións.

Para atinxir o RA4: Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena e mediana empresa, identifica as principais obrigacións contábeis e fiscais e formaliza a documentación.

Repaso de contidos referentes a:

- Concepto e nocións básicas de contabilidade.
- Análise da información contábel.
- Estudo de viabilidade económica e financeira.
- Obrigacións fiscais dunha PEME.
- Ciclo de xestión administrativa nunha empresa: documentos administrativos e documentos de pagamento e cobranza.
- Plano de empresa: viabilidade económica e financeira.

## **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Deberán presentarse a esta proba de carácter global, todo o alumnado que perda o dereito a avaliación continua.

Isto último non se aplica á modalidade a distancia pois eles non perden o dereito a avaliación continua.

En todo caso, a cualificación obtida nesta proba final representa 100 por cento da nota final.

O contido desta proba incluírá tanto preguntas teóricas (formato test), como supostos prácticos.

Utilizaranse polo menos un dos CA de cada un dos RA que existen.

A proba será valorizada sobre 10 puntos, sendo necesario alcanzar unha puntuación igual ou superior a 5 para superar o módulo.

A cualificación debe ser expresada sen decimais, co cal será utilizado un proceso de redondeo por exceso ao enteiro máis próximo, sempre que os decimais sexan 0,5 ou superiores, ou por defecto en caso contrario. O redondeo por exceso só opera cando a cualificación inicial obtida sexa igual ou superior a 5.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación será realizado utilizando a aplicación *¿Seguimento das programacións¿* que se encontra na ligazón <https://www.edu.xunta.es/programacions/>.

Alén disto, en todas as reunións mensuais do departamento, un punto obrigatorio da orde do día é a confirmación de que estes seguimentos da aplicación están sendo realizados, así como o comentario de calquera incidencia no seguimento da programación.

Para o caso do seguimento da avaliación da práctica docente, utilizarase o modelo de enquisa de satisfacción do labor docente (MD82CLI03) que o alumnado debe realizar a proposta do/a titor/a de cada grupo trimestralmente. No caso de que esta enquisa non atinxira a puntuación mínima, o/a profesor/a envolvido/a reunirse co alumnado para tratar con máis profundidade aqueles items en que o alumnado manifestara algunha desconformidade.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Seguindo o establecido no artigo 28 da Orde de 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Esta información poderá proceder de diferentes fontes. Para alén da información fornecida polas titoras e titores correspondentes e pola propia área de Formación, os integrantes do departamento realizarán durante a primeira semana do curso unha proba de avaliación previa entre o alumnado do seu módulo. Para este fin será utilizado o modelo que aparece na epígrafe 10.b) da presente programación.

Despois da avaliación inicial decidíranse as medidas concretas de actuación de acordo ao Decreto 229/2011, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes. Tamén no artigo 33º epígrafe 1 do Decreto 114/2010, de 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia que *¿Os centros educativos desenvolverán o currículo das ensinanzas de formación profesional de acordo coas características e as expectativas do alumnado, con especial atención ás necesidades daquelas persoas que presenten unha discapacidade, e as posibilidades formativas do medio, especialmente no módulo profesional de formación en centros de traballo, e reflectirano na programación xeral anual tendo en conta as necesidades de desenvolvemento económico, social e de recursos humanos do seu ámbito socio productivo¿*. Isto mesmo aparece no artigo 8º epígrafe 4 do Real Decreto 1147/2011, de 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo.

Unha medida que permite aplicar o artigo 61º do Decreto 114/2010, para o alumnado con necesidades educativas especiais é o das flexibilizacións modulares: "O alumnado con necesidades educativas especiais poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de modo fragmentado por módulos, cunha temporalización diferente á establecida con carácter xeral. A consellaría con competencias en materia de educación establecerá o procedemento para a autorización das



flexibilizacións modulares". No Capítulo VI, Alumnado con Necesidades Educativas Especiais, da Orde de 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, expónse o procedemento a seguir, a documentación e os prazos. Esta medida debe ser decidida pola equipa docente co asesoramento do Departamento de Información e Orientación Profesional, nesa sesión de avaliación inicial do ciclo.

Outra posibilidade recomendábel para o alumnado con dificultades para abordar todo o currículo do ciclo sería a da incorporación ao réxime de adultos, onde pode ser cursado o ciclo de maneira modular, segundo sexa o seu ritmo de aprendizaxe. Na modalidade de adultos xa non é posíbel aplicar a medida de flexibilización modular.

### **8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

Ao non esclarecer a lexislación específica sobre formación profesional de grao medio e superior, medidas de reforzo educativo, existindo só normas para outros niveis educativos correspondentes a idades teóricas de ensino anteriores, como son o Decreto 107/2014, de 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos e o Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, que tratan de algunha forma sobre estas medidas, faise necesario recorrer á literatura sobre o tópico e a diferentes publicacións da propia Consellaría e de entidades sen ánimo de lucro cuxo fin é promover melloras concretas en todos os ámbitos da vida das persoas que presentarían necesidades educativas especiais ou necesidades específicas de apoio educativo.

Por este motivo o primeiro sería definir que se entende por diversidade no ámbito educativo. Así, segundo Silva (2007, 3) sería *¿¿* todas aquelas características excepcionais do alumnado, provocadas por diversos factores que requiren unha atención especializada para que todo o alumnado alcance un mesmo nivel de aprendizaxe*¿¿*. Isto provoca que *¿*A atención á diversidade require unha abordaxe inclusiva, a cal, procura promover no profesorado unha formación teórico-práctica, configurando actitudes favorábeis para a diversidade e inclusión; e co coñecemento do desenvolvemento das persoas con necesidades educativas asociadas á discapacidade*¿* (García, Massani e Bermúdez, 2016).

Entre as actuacións ou vías que se presentan para o tratamento da diversidade na formación profesional (Álvarez, 2018, 179) van ser desenvolvidas as seguintes:

- ¿* Serán utilizadas metodoloxías didácticas diferentes, que se adapten aos diferentes graos de capacidades previas, aos diversos niveis de autonomía e responsabilidade do alumnado e ás dificultades ou súper logros detectados en procesos de aprendizaxe anteriores.
- ¿* Serán adaptadas as actividades ás motivacións e necesidades do alumnado, presentando aquelas a un nivel situado entre o que xa saben facer autonomamente e o que son capaces de facer coa axuda e guía do profesorado ou dos/as seus/súas compañeiros/as. Será establecido de menor a maior a dificultade das tarefas, de tal maneira que todo o alumnado poida encontrar espazos de resposta adecuados ás súas capacidades.
- ¿* As actividades e as prácticas colectivas propostas serán desenvolvidas en grupos heteroxéneos, prestando atención á repartición de tarefas e a unha asignación de funcións flexíbel.
- ¿* Serán respectados os ritmos de aprendizaxe do alumnado, en función dos seus intereses, motivacións e capacidades.
- ¿* Nas actividades de recuperación programadas, para o alumnado con máis dificultades de aprendizaxe serán definidas de maneira clara os conceptos que lle custa traballo comprender. Serán presentadas estas actividades tendo presente os niveis mínimos que deberá atinxir o alumnado.
- ¿* Serán presentadas actividades de ampliación para que o alumnado poida mellorar o proceso de aprendizaxe.

*¿* Será mellorado o hábito de estudo e a responsabilidade.

*¿* Serán fomentadas as relacións sociais e a integración do alumnado do grupo.

Desta maneira, disporanse de actividades sobre un mesmo contido de repaso, de reforzo e de ampliación variando o grao de dificultade. Igualmente, atenderase á diversidade na formulación das actividades, por iso presentaranse actividades básicas de reforzo e actividades de ampliación e afondamento, prestando unha axuda máis personalizada para fomentar a adquisición das habilidades necesarias para beneficiarse do traballo e da relación cos seus iguais. En calquera caso, prestarase especial atención perante necesidades de apoio e/ou reforzo, alumnado con

TDAH, síndrome de Asperger, altas capacidades, incorporación serodia e/ou desvantaxes sociais e doenzas que impiden unha regular escolarización.

En relación ó desenvolvemento persoal e social evítanse as comparacións descualificadoras do alumnado tanto sexan polas súas dificultades, como polas súas diferenzas.

A respecto da interacción entre iguais, fomentáranse as relacións de aceptación, axuda mutua, cooperación e respecto polas diferenzas, tan importantes para que o alumnado que teña dificultades na aprendizaxe non se sinta rexeitado e desmotivado. Un adecuado contexto de actividades cooperativas nas que se creen relacións de interdependencia entre o alumnado será outra das medidas a aplicar.

Fóra destas medidas xerais cada necesidade educativa especial ou cada necesidade específica de apoio educativo precisaría de medidas concretas, sendo conscientes que moitas das que aparecen a continuación, dificilmente van aparecer no ciclo formativo e polo tanto no módulo ao que se refire a presente programación. O propio Consejo Escolar del Estado (2017, 7), a través dun ditame elaborado pola súa Comisión Permanente recoñece que: ¿En moitos casos, os estudantes con discapacidade, en particular aqueles que teñen adaptacións curriculares significativas, teñen como única opción para poder continuar a súa formación e, en consecuencia, preparación para o emprego, a Formación Profesional Básica¿.

De seguido van ser enumeradas diferentes necesidades educativas especiais ou necesidades específicas de apoio educativo, sinalando algunhas medidas de atención dese alumnado. De calquera maneira, na bibliografía que aparece ao final deste texto poden ser encontradas outras propostas que melloren e amplíen as anteriores.

¿ Alumnado con discapacidade intelectual: O profesorado debería estar atento a que este alumnado desenvolva as seguintes necesidades básicas (Consellaría de Educación, 2005, 14- 15):

- Asumir o seu propio corpo, xa que, en moitas ocasións, as persoas con discapacidade intelectual o ven como algo imperfecto e estenden esta visión a outros aspectos da súa personalidade.
- Traballar a autonomía persoal, xa que neste colectivo son moi acusados aspectos tales como a sobre protección.
- Fornecerlles un extra de motivación, xa que o esforzo que lles supoñen moitas tarefas fai que se incorporen ás actividades con maior dificultade.
- Axudarlles a construír unha autoestima axustada, xa que é un elemento fundamental para o equilibrio de calquera persoa.
- Ampliando as oportunidades que o medio lles forneza, xa que, se estas son axeitadas, o seu pronóstico mellorará, excepto que se trate de atrasos mentais progresivos.

¿ Alumnado con discapacidade motora. Entre os obxectivos prioritarios que se deben ter en conta no traballo educativo con este alumnado, hai que salientar (Consellaría de Educación, 2006, 24):

- Potenciar a súa autonomía persoal: desenvolvemento de destrezas motrices, hábitos hixiénicos e de auto coidado, ou de habilidades sociais, establecendo niveis de exixencia progresivos, congruentes e constantes.
- Favorecer a participación activa do alumno ou alumna na comunidade educativa.
- Fornecerlle medios de expresión eficientes e claros que permitan unha fácil comunicación cos demais.
- Fomentar a capacidade de socialización, facilitando a interacción en todos os ambientes, ademais do escolar, sobre todo en actividades sociais de ocio e de lecer.

\*Alumnado con discapacidade sensorial. As medidas ordinarias de atención á diversidade teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, ritmos de aprendizaxe, estando destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas na ensinanza, salientando as seguintes (Consellaría de Educación, Universidade e Formación Profesional, 2019, 40):

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da sala de aulas ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas á contorna e ao alumnado.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Desdobramentos de grupos.

¿ Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento, (TEA) síndrome Asperger. Habería que ter en conta os seguintes aspectos metodolóxicos xerais (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, 2007, 29-30):

- Introducir claves visuais que axuden a estruturar o tempo e o espazo.
- Trátase de axudar ao alumnado a organizar a información que recibe para poder pór algunha orde no seu mundo caótico. Canto máis comprensíbel lle sexa o contorno, menor probabilidade haberá de que aparezan condutas problemáticas.
- Estructurar as tarefas en sucesivos pasos, fornecendo as axudas previas, moldeamento físico, encadeamento cara atrás ou verbalización na procura da aprendizaxe sen erro.
- Ter en conta os intereses e preferencias da persoa, propóndolle actividades atractivas, que poden servir de reforzo para outras que consideremos relevantes.
- Fornecerlle unha atención individualizada cálida por parte do profesorado, que compartirá unhas estratexias claras e comúns.
- Darlle tempo abondo para que poida emitir a resposta.
- Axudar a que perciba as consecuencias dos seus actos, fornecéndolle criterios de éxito sempre e cando sexa posíbel; así favoreceremos a súa autonomía.

Con salienta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (2011b, 5) ¿¿ o obxectivo xeral é a consecución das competencias básicas e de maneira particular o logro de:

- Unha mellora na socialización.
- Maior competencia comunicativa.
- Aumento da flexibilidade mental¿.

¿ Alumnado con trastornos graves de conduta. Habería que seguir as recomendacións e procedementos da Estratexia galega de convivencia escolar (Consellería de Cultura, Educación e Universidade, 2015a) e do portal Convivencia (Consellería de Cultura, Educación e Universidade, 2015b).

¿ Alumnado con altas capacidades: sobre dotación intelectual. Para axustar a resposta educativa para este alumnado hai que considerar as seguintes necesidades educativas (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, 2003, 20):

- Precisa dunha ensinanza adaptada, cunha abordaxe multidisciplinar nun contexto educativo enriquecido e dinámico, estimulante para o seu desenvolvemento.
- Require do acceso a recursos e materiais adicionais, que deben ser planificados especificamente.
- Cómprelle flexibilidade no seu horario e nas súas actividades, polo que é conveniente que, cando sexa posíbel, deixemos que continúe co traballo até que estea seguro e satisfeito coa tarefa realizada.
- Precisa participar moi activamente no proceso de ensinanza e aprendizaxe e ter a oportunidade de poder pór en práctica as súas habilidades.
- Élle imprescindible un contorno en que se valoricen as ideas creativas e orixinais, máis que a repetición dos contidos.
- Cómprelle un clima social en que se sinta aceptado, e precisa de orientación no manexo das relacións interpersoais e sociais.

No nivel educativo da formación profesional non é posíbel realizar adaptacións curriculares significativas, mais poderían ser utilizadas algunha medida de enriquecemento horizontal ou vertical, como as propostas en Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (2011a, 8-9).

\* Alumnado con TDAH. Canto ás tarefas e deberes é necesario (AA VV, 2014, 60-61):

- Reducir e fragmentar as actividades.
- Supervisar os exercicios e asegurarse de que entendeu o que ten que facer.
- Utilizar reforzos e apoios visuais na instrución oral.
- Non sobrecargar de tarefas para a casa, e seleccionar ben aquelas que se consideren máis importantes.

Canto ás estratexias expositivas, o profesorado debe ter en conta as seguintes estratexias (AA VV, 2014, 61):

- Antes de empezar, ha de asegurarse de que atende.
- Utilizar frases curtas e claras.
- Manter o contacto visual e permanecer cerca.
- Focalizar a atención nos conceptos ¿clave¿.
- Utilizar estímulo visuais e modificar o ritmo da exposición, coas debidas pausas.

- Presentar a idea principal explicitamente ao principio da explicación.
  - Utilizar estratexias de categorización e imaxes mentais de conceptos.
  - Implicala ou implícalo, promovendo a súa participación con preguntas sinxelas.
  - Fornecerlle un sistema de tutoría dun compañeiro ou dunha compañeira que lle axude a revisar os puntos fundamentais da explicación, e promover que o alumnado con TDAH explique os conceptos a estudantes con máis dificultades ca el.
- Canto aos exames ou probas escritas será necesario (AA VV, 2014, 61-62):
- Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación.
  - Que os exames escritos sexan curtos e con preguntas breves, fechadas, claras e con vocabulario sinxelo.
  - Complementar os exames escritos de forma oral, cando se observa que están incompletos.
  - Alternar a forma de presentación das cuestións que ten que responder o alumnado (de forma oral, escrita ou coas novas tecnoloxías).
  - Pactar a fórmula máis idónea para realizar os exames (oral ou utilizando o ordenador), debido ás dificultades de escritura dalgún alumnado con TDAH.
  - Deixar máis tempo para os exames ou probas escritas, incluso dividilas en dúas sesións, e ser flexíbeis na súa duración.
  - Presentar escrito o texto dos exames, salientando as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa.
  - Deixar suficiente espazo entre as preguntas, e supervisar a súa comprensión e execución.
  - Posibilitar que as e os estudantes que o desexen poidan recuperar, durante a avaliación, os exames suspensos.
  - Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.
- ¿ Alumnado con dislexia. Deben ser establecidos os seguintes obxectivos a nivel individual (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, 2008, 25):
- Elaborar os programas de corrección dos erros específicos de acordo coa operativización destes.
  - Executar os programas e deseñar un plano de seguimento e avaliación dos planos específicos iniciados.
- \*Alumnado de incorporación tardía (alumnado estranxeiro de recente incorporación ou incorporación despois de iniciado o curso). No nivel educativo da formación profesional inicial debería centrarse a atención, sobre todo, no desenvolvemento das competencias clave. Outras medidas poden ser consultadas no portal Atención á diversidade (Consellería de Cultura, Educación e Universidade, 2012a).
- \*Alumnado con desvantaxe socio educativa procedente de ambientes desfavorecidos e/ou marxinais. No nivel educativo da formación profesional inicial debería centrarse a atención, sobre todo, no desenvolvemento das competencias clave. Outras medidas poden ser consultadas no portal Atención á diversidade (Consellería de Cultura, Educación e Universidade, 2012a). Tamén pode ser útil tirar información sobre diferentes programas levados adiante polo Instituto Galego para a Xestión do Terceiro Sector.
- \*Alumnado con desvantaxe socio educativa pertencente á etnia xitana. No nivel educativo da formación profesional inicial debería centrarse a atención, sobre todo, no programa Promociona, Secretariado Xitano (Consellería de Cultura, Educación e Universidade, 2012b) e no desenvolvemento das competencias clave (Consellería de Cultura, Educación e Universidade, 2012a).
- ¿ Por último habería que ter en conta o alumnado que precisa atención educativa por doenza, tanto domiciliaria como hospitalaria. No portal Educonvives (Consellería de Cultura, Educación e Universidade, 2015a), así como en Consellería de Cultura, Educación e Universidade (2015c) pode consultar información sobre as estratexias a seguir.

#### Bibliografía

- AA VV (2014): Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Accesíbel en: [http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protected/content\\_type/advertisement/2014/07/02/li\\_bro\\_tdah\\_definitivo\\_16-06-14.pdf](http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protected/content_type/advertisement/2014/07/02/li_bro_tdah_definitivo_16-06-14.pdf)
- AA VV (2019): Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva, Santiago de Compostela: Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Accesíbel en: <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/27080>
- Álvarez Mercado, A.L. (2018): ¿Atención a la diversidad en la Formación Profesional?, Revista Internacional de Apoyo a la Inclusión, Logopedia, Sociedad y Multiculturalidad, volume 4, número 4, outubro, ISSN: 2387-0907.
- Consejo Escolar del Estado (2017): ¿Dictamen 21/2017, al Proyecto de real decreto por el que se establecen las condiciones de acceso y

admisión a los Ciclos formativos de la formación profesional del sistema educativo¿. Accesibel en: [http://www.educacionyfp.gob.es/dam/jcr:0a64a080-f27f-46f7-a42d6efdf7899e89/Dictamen\\_21\\_2017.pdf](http://www.educacionyfp.gob.es/dam/jcr:0a64a080-f27f-46f7-a42d6efdf7899e89/Dictamen_21_2017.pdf)

- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (2003): Alumnado con sobredotación intelectual, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Accesibel en: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/3630>
- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (2005): Alumnado con discapacidade intelectual, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Accesibel en: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/3644>
- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (2006): Alumnado con discapacidade motora, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Accesibel en: <http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXC/libros/motora.pdf>
- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (2007): Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Accesibel en: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/3655>
- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (2008): Alumnado con trastornos de aprendizaxe, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Accesibel en: <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/3656>
- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (2011a): Sobredotación intelectual. Equipos orientación específicos, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Accesibel en: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/3700>
- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (2011b): Trastornos xeneralizados. Equipos orientación específicos, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Accesibel en: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/3703>
- Consellería de Cultura, Educación e Universidade (2012a): Atención á diversidade. Accesibel en: <http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/146>
- Consellería de Cultura, Educación e Universidade (2012b): Programa Promociona. Polo éxito escolar da comunidade xitana (Fundación Secretariado Gitano). Accesibel en: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/3791>
- Consellería de Cultura, Educación e Universidade (2015a): Estratexia galega de convivencia escolar 2015- 2020. Accesibel en: <http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>
- Consellería de Cultura, Educación e Universidade (2015b): Convivencia. Accesibel en: <http://www.edu.xunta.gal/portal/convivencia>
- Consellería de Cultura, Educación e Universidade (2015c): Protocolo de Atención educativa domiciliaria. Santiago de Compostela: Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Accesibel en: [http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/atencion\\_educativa\\_domiciliaria\\_v2.pdf](http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/atencion_educativa_domiciliaria_v2.pdf)
- García Navarro, X.; Massani Enríquez, J.F. e Bermúdez López, I.L. (2016): ¿La educación inclusiva en la formación de profesionales de la educación¿, Revista Universidad y Sociedad, volume 8, número1, xaneiro-abril, ISSN 2218-3620.
- Instituto Galego para a Xestión do Terceiro Sector: Igaxes. Accesibel en: <https://www.igaxes.org/gl/>
- Silva Salinas, S. (2007): Atención a la diversidad, Vigo: Ideas Propias Editorial.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Programación da educación en valores

A finalidade da educación é o desenvolvemento integral do alumnado. Isto supón atender non só ás capacidades cognitivas ou intelectuais do alumnado senón tamén ás súas capacidades afectivas, motrices, de relación interpersonal e de inserción e actuación social.

A formación ético-moral xunto coa formación científica debe posibilitar esa formación integral.

A lexislación educativa establece os currículos das distintas etapas educativas e neles os ensinamentos ou temas transversais que deben estar presentes nas diferentes áreas.

O carácter transversal fai referencia a diferentes aspectos:

¿ Os temas transversais abranguen contidos de varias disciplinas e o seu tratamento debe ser abordado desde a complementariedade.  
¿ Non poden suscitarse como un programa paralelo ao desenvolvemento do currículo senón inxerido na dinámica diaria do proceso de ensino-aprendizaxe.

¿ Son transversais porque deben impregnar a totalidade das actividades do centro.

Por outra parte, os temas transversais deben contribuír especialmente á educación en valores morais e cívicos do alumnado.

Son considerados temas transversais:

- ¿ Ecuación moral e cívica.
- ¿ Educación para a paz.
- ¿ Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos.
- ¿ Educación ambiental.
- ¿ Educación para a saúde.
- ¿ Educación viaria.
- ¿ Educación do consumidor.
- ¿ Educación para o desenvolvemento.
- ¿ Educación para o uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación.

Para tratar os temas transversais, tarefa complexa na Formación Profesional, o procedemento que se segue é o seguinte:

- ¿ Determinar os temas transversais que, dunha forma natural e non forzada, aparecen nos obxectivos do módulo.
- ¿ Definir os obxectivos específicos a atinxir para cada un deles.
- ¿ Indicar as unidades de traballo onde deben aplicarse.
- ¿ Sinalar a metodoloxía a utilizar.
- ¿ Indicar unha proposta de avaliación.

Os obxectivos do módulo Empresa e iniciativa emprendedora propician o tratamento dos seguintes temas transversais:

- ¿ Educación moral e cívica.
- ¿ Educación para a paz.
- ¿ Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos.
- ¿ Educación ambiental.

Educación moral e cívica

Obxectivos:

- ¿ Desenvolver de forma autónoma, racional e dialogante o sentido crítico.
- ¿ Conseguir comportamentos coherentes cos principios e normas que persoalmente constrúan, respectando aquelas que a sociedade de modo democrático e buscando a xustiza e o benestar colectivo deuse.

Unidades de traballo onde deben aplicarse:

- ¿ Unidade 1. Empresa e iniciativa emprendedora. A idea do emprendedor.
- ¿ Unidade 2. A organización da empresa. A contorna empresarial.
- ¿ Unidade 3. A análise do mercado e o plano de marketing.
- ¿ Unidade 4. O plano de operacións.
- ¿ Unidade 8. A tributación empresarial.

Metodoloxía:

Aplicación do método de comprensión crítica: A comprensión crítica pretende recadar información sobre realidades concretas, entender toda a súa complexidade, valorala e comprometerse na súa mellora. Téntase fuxir de visións parciais ou simplistas buscando, seleccionando e contrastando informacións diversas.

O que se pretende é que o alumnado fórmese un xuízo crítico sobre os conflitos de valores que se xeran, así como propostas de solución desde unha perspectiva realista e de solidariedade.

Proposta de avaliación:

Valorización da adopción por parte do alumnado de actitudes positivas ante a realidade social.

#### Educación para a paz

##### Obxectivos:

- ¿ Recoñecer e afrontar as situacións de conflito desde a reflexión serena sobre as súas causas, tomando decisións negociadas para solucionarlas dunha forma creativa, tolerante e non violenta.
- ¿ Actuar na diversidade social e cultural cun espírito aberto, respectuoso e tolerante, recoñecendo a riqueza do diverso como elemento positivo que nos suscita o reto permanente de superación persoal e social da nosa convivencia en harmonía.

##### Unidades de traballo onde debe aplicarse:

- ¿ Unidade 3. A análise do mercado e o plano de marketing.
- ¿ Unidade 4. O plano de operacións.

##### Metodoloxía:

Utilízanse os dilemas morais. A discusión de dilemas morais procura primeiro crear conflito, producir incerteza ou dúbida e logo axudar a restabelecer o equilibrio nun nivel superior de xuízo moral.

Os dilemas morais son narracións que presentan un conflito de valor e que a través de preguntas téntase chegar á mellor solución para o dilema.

##### Proposta de avaliación

Valorización da adopción por parte do alumnado de actitudes positivas ante a realidade social.

#### Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos

##### Obxectivos:

- ¿ Acrecentar a igualdade de oportunidades, superando a discriminación e fomentando a comunicación e a participación.

##### Unidades de traballo onde debe aplicarse:

Todas no desenvolvemento diario da actividade académica.

##### Metodoloxía:

- ¿ Diriximos co mesmo ton e léxico sen discriminar por ningún tipo de causa.
- ¿ Propiciar grupos de traballo mixtos.

##### Proposta de avaliación:

Valorización da adopción por parte do alumnado de actitudes positivas ante a realidade social.

#### Educación ambiental

##### Obxectivos:

- ¿ Tomar conciencia dos problemas medio ambientais e responsabilizarse coa toma de medidas respecto diso.

##### Unidades de traballo onde debe aplicarse:

- ¿ - Unidade 7. Formas xurídicas da empresa e a súa constitución.
- ¿ - Unidade 9. Os procesos administrativos da empresa e os seus documentos.

##### Metodoloxía:

Utilízanse os dilemas morais. A discusión de dilemas morais procura primeiro crear conflito, producir incerteza ou dúbida e logo axudar a restabelecer o equilibrio nun nivel superior de xuízo moral.

Os dilemas morais son narracións que presentan un conflito de valor e que a través de preguntas inténtase chegar á mellor solución para o dilema.

##### Proposta de avaliación:

Valorización da adopción por parte do alumnado de actitudes positivas ante a realidade social.

#### Educación do consumidor

##### Obxectivos:

- ¿ Tomar conciencia dos problemas do consumismo e responsabilizarse con toma de medidas respecto diso.

##### Unidades de traballo onde debe aplicarse:

Unidades 3. A análise do mercado e o plano de marketing.

##### Metodoloxía:

Utilízanse os dilemas morais. A discusión de dilemas morais procura primeiro crear conflito, producir incerteza ou dúbida e logo axudar a restabelecer o equilibrio nun nivel superior de xuízo moral.

Os dilemas morais son narracións que presentan un conflito de valor e que a través de preguntas inténtase chegar á mellor solución para o dilema.

Aplicación do método de comprensión crítica:

A comprensión crítica pretende recadar información sobre realidades concretas, entender toda a súa complexidade, valorala e comprometerse na súa mellora. Inténtase fuxir de visións parciais ou simplistas buscando, seleccionando e contrastando informacións diversas.

O que se pretende é que o alumnado fórmese un xuízo crítico sobre os conflitos de valores que se xeran, así como propostas de solución desde unha perspectiva realista e de solidariedade.

Proposta de avaliación:

Valorización da adopción por parte do alumnado de actitudes positivas ante a realidade social

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Durante o presente curso van ser programadas as seguintes actividades complementares á formación:

Visita ao viveiro de empresas do propio centro.

Actividade en colaboración coa Coordinación da área de Emprendemento de que fan parte os seguintes elementos:

Obxectivos: Reforzar no alumnado a idea de que o auto emprego é unha das posibles vías de incorporación á vida produtiva. Información ao alumnado sobre o papel dos viveiros de empresa para que teñan coñecemento de que se deciden apostar polo auto emprego, teñen a posibilidade de ser asesorados e apoiados nos primeiros anos da súa actividade dentro do propio centro educativo.

Metodoloxía: Visita ás dependencias do viveiro, onde recibirán unha breve charla para dar a coñecer o seu funcionamento e as actividades que estean a desenvolver os viveiristas nese momento.

Orzamentos: 0,00 euros.

Recursos previstos: O propio viveiro onde será impartida a charla.

Temporalización: Primeiro trimestre.

Indicador/criterio: Asistencia de máis de 80 por cento dos grupos.

Curso/taller de cooperativismo.

Desta actividade fan parte os seguintes elementos:

Obxectivos: Valorizar a importancia do cooperativismo como motor de xeración de riqueza e emprego e reflexionar sobre o cooperativismo e a economía social e solidaria.

Metodoloxía: Taller participativo.

Orzamento: 0,00 euros.

Recursos previstos: Sala de aulas con proxector e ligazón a Internet.

Temporalización: Primeiro trimestre.

Indicador/criterio: Actividade realizada: si ou non.

## 10. Outros apartados

### 10.1) 10.1 O PLAN DE EMPRESA

10.a. O plano de empresa

Dadas as características deste módulo e tendo en conta o momento de especial dificultade na situación económica o plano de empresa que ten que elaborar todo o alumnado realizarase en base a unha idea de negocio escollida por eles. Aínda fomentando que creen unha empresa dedicada a actividades do seu sector, non sendo requisito ineludíbel.



Por outra banda, a empresa poderá ser individual (unha única persoa), mais tamén pode ser unha sociedade ou unha cooperativa. No caso de formar un grupo de promotores, o número máximo deles será de catro.

### 10.2) 10.2 15015767 - Cuestionario-Alumnado. Avaliación inicial

Só en circunstancias concretas utilizaríase unha avaliación diferente á utilizada pola titoría do grupo. Nese caso, sería empregado o seguinte cuestionario do Sistema de Xestión de Calidade.

Cuestionario inicial do alumnado

Ciclo formativo / PCPI      Ano académico      Grupo

Esta información ten carácter reservado e será utilizada polo profesorado titor coa finalidade de facilitar a axuda que precise o alumnado do grupo. A formalización dos recadros é, en todo caso, de carácter voluntario. É moi importante contestar con sinceridade.

Datos do/da alumno/a: Apelidos e nome, DNI ou NIE, data de nacemento, enderezo durante o curso (rúa, número, andar e letra), código postal e localidade, provincia, teléfono fixo, teléfono móbil e correo electrónico.

Datos académicos: Estudos previos realizados, titulación máxima alcanzada, data de finalización e centro, cursos repetidos, recibiches algunha vez apoio educativo (adaptación ou diversificación curricular).

O ciclo formativo que estás a cursar foi a túa primeira opción?

Acceso mediante proba?

Por que escolliches este ciclo formativo?

Cales son as expectativas respecto aos estudos que vés de iniciar?

En que che gustaría traballar ao rematar os teus estudos?

Que outra formación complementar desexarías recibir?

Realizas outros estudos ou actividades fóra do CIFP? Si ou Non.

En caso afirmativo, cales?

Gustaríache participar nas actividades do CIFP? Si ou Non.

En caso afirmativo, en cales?

Experiencia profesional: Posto de traballo, duración da actividade, lugar (empresa e localidade).

Outras actividades desenvolvidas: Afeccións, actividades de lecer, (lectura, deporte, cine, informática e novas tecnoloxías, etcétera).

Participación en actividades colectivas (asociacións culturais, agrupacións deportivas, etcétera).

Outra información que consideres oportuno achegar que poida influír nos teus estudos.

### 10.3) CUESTIONARIO COÑECEMENTOS PREVIOS ESPECÍFICOS

Este cuestionario ten como único obxectivo coñecer a cultura xeral do alumnado (coñecementos por medios de comunicación, lecturas propias, derivados da súa experiencia laboral, etcétera) no referente a conceptos relacionados co módulo. Non fará parte da cualificación do módulo.

PREGUNTAS:

1. En que consiste o espírito emprendedor?
2. En que se diferencia unha sociedade anónima dunha sociedade de responsabilidade limitada?
3. Que entendes por márketing-mix?
4. Sabes cal é o ciclo de vida dun produto?
5. Que é un organigrama?
6. É o mesmo un tributo que un imposto? (Tenta razoar a resposta).
7. Que significan as seguintes siglas:

IRPF:

IVA:

IAE:

8. Que indican as expresións:

NIF:

CIF:

9. Que é unha amortización?

10. Que significan as expresións: activo e pasivo referentes á contabilidade dunha empresa?

11. Que é un punto de atención ao/á emprendedor/a?

12. Que tipos de sociedades coñecemos?

#### 10.4) BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

##### LIBRO DE TEXTO RECOMENDADO:

Utilizárase como libro de texto para este módulo: Salinas, J.M.; Gándara, F.J. e Alonso, A. (2021): Empresa e Iniciativa Emprendedora, Madrid: Editorial McGraw-Hill. ISBN: 9788448623159.

##### OUTROS LIBROS DE CONSULTA:

Álvarez Martínez, J.C.; Herráez Vidal, P. e Prieto García, M.A. (2019): Empresa e Iniciativa Emprendedora, Madrid: Editorial McMillan. ISBN: 9788415656401.

Caldas, M.E.; Carrión, R.; Heras, A.J. (2021): Empresa e Iniciativa Emprendedora, Barcelona: Editorial EDEBÉ. ISBN: 9788491610151.

Caldas, M.E.; Carrión, R. e Hidalgo, M.L. (2022): Empresa e Iniciativa Emprendedora, Pozuelo de Alarcón: Editorial Editex. ISBN: 9788413218632.

Caldas, M.E.; Carrión, R. e Hidalgo, M.L. (2021): Empresa e Iniciativa Emprendedora 360º, Pozuelo de Alarcón: Editorial Editex. ISBN: 9788413215709.

García González, B.J.; Muñoz Gil, J. e Bernabeu García, E. (2021): Empresa e Iniciativa Emprendedora, Alboraya: Editorial Tu Libro de FP. ISBN: 9788416812653.

Salinas, J.M.; Gándara, F.J. e Alonso, A. (2021): Empresa e Iniciativa Emprendedora, Madrid: Editorial McGraw-Hill. ISBN: 9788448623159.

Vázquez Blömer, B. e Asensio del Arco, E. (2019): Empresa e iniciativa emprendedora, Madrid: Editorial Paraninfo. ISBN: 9788428341653.

WEB para consultar a lexislación vixente: [https://www.boe.es/biblioteca\\_juridica/index.php?tipo=C](https://www.boe.es/biblioteca_juridica/index.php?tipo=C)